


# Marzo 2014



## Xuventude de Galicia – Centro Galego de Lisboa

Declarado de Utilidade Pública



Despois de un pequeno descanso retomamos a dinámica que sempre defendemos para a Xuventude de Galicia. Aínda así, a Casa non estivo parada, mentres tanto preparábase a programación dos vindeiros meses. Varias actividades están xa programadas, sendo elas para todos os gustos e idades. Como tal esperamos a resposta de todos aqueles que fan da Xuventude un local de referencia para a convivencia e lecer.

Mantemos o empeño de levar adiante esta institución, xa con 105 anos, reafirmamos pois, o convite a tódolos asociados e amigos da Xuventude de Galicia para que gocen das súas instalacións, das súas actividades e do seu restaurante.

A Xuventude non é só os seus órganos de xestión, mais si, todo o colectivo de asociados e temos de pensar que, unicamente xuntos a podemos levar por moitos e longos anos.

¡Esperamos por vós!

Álvaro Moreira

**Xuventude de Galicia**  
**Centro Galego de Lisboa**  
Declarado de Utilidade Pública  
Rua Júlio Andrade, nº 3  
1150-206 Lisboa  
Telf.: +351 21 885 36 80  
Fax: +351 21 885 03 93  
••••

[www.juventudedagaliza.com](http://www.juventudedagaliza.com)  
••••

[www.facebook.com/juventudedagaliza](http://www.facebook.com/juventudedagaliza)  
••••

**Secretaría – Horario:**  
Lun–Ven  
11:00h ás 20:00h  
[geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)  
••••

**Restaurante Álvaro Cunheiro**  
Telf: +351 21 882 13 92

1 Marzo

### Tarde infantil

16:00h

¿Quieres aprender a hacer carantas e divertirse un bo rato?  
Ven á Xuventude de Galicia este sábado que che ensinamos como  
facelas.

Co apoio EcoNenos, o noso taller de manualidades e reciclaxe

Máis informacións na Secretaría do Centro, polo  
Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



1 Marzo

### Festa de Entroido


22:00h

Salón Gabino Castro Gil

Ven divertirte nesta noite de Entroido na Xuventude de Galicia.  
Trae familiares e amigos e, como non, ven disfrazado.

Servizo de Bar

Máis informacións na Secretaría do Centro, polo  
Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



2 Marzo

### Fútbol

16:00h

Ven asistir ó partido  
*Atlético Madrid x Real Madrid*

Goza máis dos partidos con unha pantalla grande e na compañía  
de amigos. Para elo non hai mellor lugar que a  
Xuventude de Galicia

Servizo de Bar

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo



#### Nesta edición:

Tarde Infantil	1
Festa de Entroido	1
Fútbol	1
Teatro	2
Serán	2
Fútbol	2
Destacamos	3
Sabías que...	3
Suxestión...	4
Para cantar...	4
Curso Cantería	4

15 Marzo


## Teatro

18:30h  
Fantoques Bai  
Apresenta  
"As pombas de Carboeiro"

Metarelato que conta como un frade trata de convencer coa súa historia a un batallón do exército napoleónico para que os soldados non sacien a súa fame coa poboación de pombas mensaxeiras do mosteiro. O frade, para ilustrar o seu relato, emprega as cartas do Tarot de Marsella coas que os soldados franceses se entretían.

Con trinta e tres destas cartas ampliadas, a modo de imaxes do kamishibai, relátase o que lles contou o frade aos soldados. Unha mestura da historia medieval con contos, cantos, lendas e romances antigos que ten como protagonistas a Cervela de Bonaval e Octavia.

Espectáculo recomendado para maiores de 12 anos



21 Marzo



## Serán

21:30h

Salón Gabino Castro Gil

Gran serán amenizado polos

Gaiteiros  
da  
Xuventude de Galicia

Servizo de Bar

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)

23 Marzo

## Fútbol

20:00h

Ven asistir ó partido  
Real Madrid x F. C. Barcelona

Goza máis dos partidos con unha pantalla grande e na compañía de amigos. Para elo non hai mellor lugar que a Xuventude de Galicia

Servizo de Bar

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



**¡Pide informacións na  
secretaría do Centro!**

**Nota: no caso dos xogos dos  
equipos galegos, a confirmación da  
data da retransmisión televisiva,  
normalmente é con menos  
antelación debido ós cambios que  
moitas veces sofren.**

**Destacamos: actividades que dispomos para os máis pequenos**

**Escolle a que máis lles guste**

**Pide informacións**



### **Sabías que...**

Si non podes achegarte a nosa secretaría no horario de 11:00h a 20:00h de luns a venres o si non che cuadra pasar durante a semana polo Centro, sempre que queiras poderás actualizar as túas cotas por transferencia bancaria.

Sempre que o fagas, agradecemos que discrimines na transferencia o teu nº de socio e/ou o nome e nos mandes o comprobatorio (por exemplo por correo electrónico).

Para a nosa Casa, as cotas dos socios son de unha gran axuda para o día a día.

**Juventude da Galiza - Centro Galego de Lisboa**

**NIB: 001 800 000 090 063 100 189**

**Banco Santander Totta**

Máis informacións: Secretaría do Centro, polo Telef.: 218853680 ou polo [geral@juventudedagaliza.com](mailto:geral@juventudedagaliza.com)



## Suxestión...

### O BANDULLO

#### Ingredientes

- 1 barra de pan (mellor reseso)
  - 1 l de leite
  - 6 ovos
  - 300g azucre
  - 100g manteiga de vaca
  - 100g fariña de trigo
  - 200g de cabazo cocido e escorrido
  - Pasas (optativo)
  - 1/2 sobre de fermento
- Un pouquiño de sal canela e azucre



#### Preparación

Ponse de remollo o pan no leite con tempo. Unha vez molla-diño, engadir os ovos a sal o azucre e o cabazo desfeito. Misturar ben, De seguido as especias, despois a manteiga derretida e no final a fariña co fermento. Esta é a altura de botar as pasas si queres.

Ponse a mestura nun molde untado e vai ó forno a 190°C. Imos pinchando de cando en vez o bandullo con un palitiño para ver si está feito.

## Para cantar...

### MORENIÑA POR MORENA/ EU TEÑO UN CANCIÑO

Moreniña por morena (BIS)  
Téñoche o ollo botado,  
As de ser miña muller  
Ou non eide ser casado(BIS)  
Ailalelo, ai...

Eu teño un canciño bonito abofé  
Que baila a muiñeira na punta do pé  
Na punta do pé dá un pincho pra tras  
E baila a muiñeira do chascarraschás

Miña sogra cando roña (BIS)  
Ponse no medio da casa  
Ela di que voume ,voume  
E de marchar nunca se acaba (BIS)  
Ailalelo, ai...

Eu teño un canciño bonito...

Nós aquí e vós aí (BIS)  
Somos tantos coma vós,  
Nós comemos o carneiro  
E os cornos son para vós. (BIS)

Eu teño un canciño bonito ...

¡A  
non  
Perder!

**CURSO DE CANZERÍA  
2014**

**Prof.: Fran de Noia**

**Comezo 11 de Marzo**

Mais informacións na Secretaría do Centro, polo Telf.: 218853680 ou polo  
geral@juventudedagaliza.com

## Restaurante



**RESTAURANTE  
ÁLVARO CUNQUEIRO**

Xuventude de Galicia-Centro Galego de Lisboa

**¡VISÍTANOS!**

Reservas: 218821392



Xuventude de Galicia, Centro Galego de Lisboa • Declarado de Utilidade Pública • Rua Júlio Andrade nº 3 1150-206 Lisboa • ) 218853680 7 218850393  
www.juventudedagaliza.com • geral@juventudedagaliza.com • www.facebook.com/juventudedagaliza